

## Novos retos para unha nova medicina de familia

Rosana Izquierdo Fernández

PRESIDENTA DO COMITÉ ORGANIZADOR XX XORNADAS AGAMFEC

Cad Aten Primaria  
Ano 2015  
Volume 21  
Páx. 146

Celebramos este ano os vinte anos de congreso de Medicina de Familia en AGAMFEC e titulamos o noso encontro coma "Novos retos para unha nova medicina de familia".

Este título fainos recapitular e reflexionar. Por unha banda, se miramos cara a atrás, podemos preguntarnos se temos chegado onde queriamos chegar cando todo isto comezou<sup>1</sup>; por outra banda, se ollamos cara a diante, recoñeceremos que nos enfrontamos a unha nova realidade.

No noso camiño sempre nos fomos atopando con novos desafíos na loita para continuar co correcto desenvolvemento da nosa función como médicos e médicas das persoas. Sabemos que esta tarefa nos exige participar na mellora continua do sistema e sempre temos participado e respondido ás necesidades organizativas e asistenciais que se teñen impulsado, non sen dificultades en moitas ocasións.

Evolucionamos no tempo, adquirindo sempre novos coñecementos, novas habilidades, utilizando novas tecnoloxías, para superar novos problemas e novas demandas da sociedade.

Agora somos conscientes doutros novos retos: as teleconsultas, as áreas de xestión, a desigualdade nos "niveis" asistenciais, o desigual reparto dos recursos ..... Todo isto supón novos xeitos de relación, novos desafíos o isto non nos pode desencantar nin facer perder a perspectiva. Temos temores, mais estamos aquí, hai que erguer a man, dar un golpe de temón e dicir que potenciaremos a Atención Primaria é potenciaremos unha estratexia que permite robustecer a eficacia e a eficiencia global do Sistema.<sup>2</sup>

Por todo isto as nosas mesas de debate tratan temas como as novas formas de relación entre Atención Primaria e Atención Hospitalaria e a xestión clínica. Nelas será onde debateremos, con certeza, desde diferentes puntos de vista mais cun mesmo compromiso e na mesma dirección, co fin de valorar e reivindicar o espazo que a Atención Primaria merece.

Queremos que o noso congreso sexa para todos e todas, polo que nos trasladamos á rúa, e así convidar a participar á nosa comunidade dos nosos vinte anos. Queremos estar preto dos verdadeiros protagonistas: as persoas. Puxémoslle o título de "Saúde para todos

en Vigo" con temas que nos parecen novos retos, coma as novas tecnoloxías, a violencia machista, a potenciación da vida saudable e tamén da EPOC.

Alguns afirman que "en Atención Primaria a nosa tecnoloxía é o tempo e os profesionais"<sup>3</sup>. É por isto polo que decidimos pór o noso gran de area nas nosas Xornadas falando de temas e habilidades importantes para a formación de médicos, médicas e residentes nos diferentes obradoiros. Temos que dicir ben alto que a docencia tamén forma parte de nosas vidas e o noso traballo diario. Con ela ensinamos e aprendemos.

A Saúde Comunitaria... Onde ficou ese vello obxectivo, agora convertido en novo reto? Sabemos que é preciso un enfoque comunitario dos Servizos de Saúde, e tamén consideramos que era un tema imprescindible, pois amosa a amplitude da nosa especialidade, a nosa preocupación pola eficiencia do sistema e a necesidade de establecer un discurso novo entre a práctica da medicina e a saúde pública.

Bárbara Starfield dixo: "Temos actualmente boa evidencia científica, que provén de estudos a nivel nacional, rexional, local e individual, de que unha boa Atención Primaria de Saúde se asocia con mellores resultados en saúde, menores custos e mellor equidade sanitaria".<sup>4</sup>

Se temos isto presente seguiremos a superar novos retos. Vencer eses desafíos axudaranos a recargar a enerxía suficiente para seguir tratando con ilusión os pacientes que chegan día a día ás nosas consultas.

Esperámosvos en Vigo nas nosas Xornadas. Nas Xornadas de todos e todas.

### BIBLIOGRAFÍA

1. J.Simó y J.Gervás. La atención primaria en 2015, diez años después de describirla. Disponible en: <http://saluddineroy.blogspot.com.es/2015/04/la-atencion-primaria-en-2015-los-diez.html>.
2. Documento "nOSInprimaria". Disponible en: <http://www.osatzen.com/blog-osatzen/2014/09/movimiento-nosinprimaria.html>.
3. Dialogos EASP. La Atención Primaria en la encrucijada. Sergio Minué.
4. Starfield B. Global health equity and primary care. J Am Board Fam Med. 2007 Nov-Dec;20(6):511-3